

## Bendí a nosa familia

### Deus noso Pai,

bendí á nosa familia  
co don da fe, do amor e da alegría.

### Fai da nosa casa un fogar cálido e acolledor.

Dáanos luz para iluminar os nosos problemas.  
Dáanos un corazón forte  
para afrontar as angustias e as penas.  
Dáanos un sorriso grande para vivir con alegría.

### Dáanos unhas mans xenerosas

para colaborar cos demais.  
para que imitando a Xesús, María e Xosé,  
a familia de Nazaré,  
colaboremos na construción  
dun mundo máis xusto, humano e fraterno.

### Coida, Señor, dos nosos enfermos, das vítimas do Covid.

Dáanos a todos, consolo e esperanza,  
para que xuntos construíamos a Igrexa e un mundo de irmáns.

## Día 25. A Natividade

### FELIZ NADAL

A todos os que esperan a Deus nas súas vidas.  
A todos os que aman a paz e a harmonía.  
A todos os que loitan pola paz do mundo.  
A todos os que loitan pola paz nas familias.

### FELIZ NADAL

A todos os que saben ver a Deus nun neno.  
A todos os que saben ver a Deus no pequeno.  
A todos os que saben ver a Deus necesitado do agarimo humano.  
A todos os que saben ver a Deus revestido do humano.


### FELIZ NADAL

A A todos os que, aínda sen crer, senten a alegría do Nadal.  
A todos os que, aínda sen crer, adoran o misterio.  
A todos os que, como os pastores, espertan do seu sono e se poñen camiño de Belén, para “ver o que sucedeu”.

### FELIZ NADAL

A todos los que nestes días vos sentides algo máis nenos.  
A todos os que nestes días volvedes a sorrir á vida.  
A todos os que nestes días gustade a alegría da vida.  
“O Verbo fíxose carne e habitou entre nós.”

**A TODOS, FELIZ NADAL!**



Evanxeo 26-decembro-2021

Nadal-Sgda. Familia



**Día da Sda. Familia**

**A FAMILIA, unha casa a construír**

# Nadala - 21

## • ECLESIAÍSTICO 3, 2-6.12-14: *Quen teme ao Señor honrará a seus pais.*

O Señor honra máis o pai que os fillos e afirma o dereito da nai sobre eles. **Quen honra a seu pai expía os seus pecados, e quen respecta á súa nai é como quen acumula tesouros.** Quen honra a seu pai alegrárase dos seus fillos e **cando rece, será escoitado.** Quen respecta a seu pai terá longa vida, e quen honra á súa nai obedece o Señor. **Fillo, coida do teu pai na súa vellez** e durante a súa vida non lle causes tristeza. Aínda que perda e xuízo, sé indulxente con el e non o despreces aínda estando ti en pleno vigor. Porque a **compaixón cara ao pai** non será esquecida e servirá para reparar os teus pecados. *Palabra do Señor.*

**SAL. 127: Ditosos os que temen o Señor e seguen os seus camiños.**

## • COLOSENSES 3, 12-21: *A vida de familia vivida no Señor.*

## • SAN LUCAS 2, 41-52: *Os pais de Xesús encontrárono no medio dos mestres.*

**Narrador:** Os pais de Xesús adoitaban ir cada ano a Xerusalén pola festa da Pascua. Cando fixo doce anos, subiron á festa segundo o costume e, cando terminou, volvéronse; pero o neno Xesús quedou en Xerusalén, sen que o soubesen os seus pais. Estes, crendo que estaba na caravana, andaron o camiño dun día e puxéronse a buscalo entre os parentes e coñecidos; ao non atopalo, volvéronse a Xerusalén buscándoo.

E sucedeu que, aos tres días, **atopárono no templo, sentado no medio dos mestres**, escoitándoos e facéndolles preguntas. Todos os que o oían quedaban asombrados do seu talento e das respostas que daba.

Ao velo, quedáronse atónitos, e díxolle súa nai:

**María:** -«Fillo, por que nos trataches así? O teu pai e máis eu buscábase angustiadados».

**Narrador:** El contestoulles:

**Xesús:** -«Por que me buscades? Non sabíades que eu debía estar nas cousas do meu Pai?».

**Narrador:** Pero eles non comprenderon o que lles dixo. El baixou con eles e foi a Nazaré e estaba suxeito a eles. **A súa nai conservaba todo isto no seu corazón.** E Xesús ía crescendo en sabedoría, en estatura e en graza ante Deus e ante os homes.

*Palabra do Señor.*

*(Narrador-María-Xesús)*



## Día da Sagrada Familia

### A FAMILIA, unha casa a construír

#### 1. VER: A familia, o máis importante

- En Nadal pasamos máis tempo na casa, gozamos da familia, estreitamos lazos.
- Hai realidades que valoramos moito: **a familia é o máis importante para nós.**
- **Paga a pena poñerse a construíla.** Non se pide hipoteca ao banco pero si hai que hipotecar toda a vida: constrúese ao longo de toda a vida e entre todos.

*Por que é importante a familia? Como se constrúe?*

#### 2. XULGAR: A familia, unha casa a construír

- No evanxeo deste domingo fálanos da **familia de Nazaré**, a de Xesús. Chamámola a Sagrada Familia. Non faltaron os problemas nesta familia. Van ao templo de Xerusalén e Xesús desobedece quedando a dialogar cos mestres. Sua nai quéixase e Xesús respóndelle unhas misteriosas palabras: **Por que me buscades? Non sabíades que eu debía estar nas cousas do meu Pai?** E Xesús **“íaa crescendo en sabedoría, en estatura e en graza”**. Lucas 2 41-52, película:

<https://www.youtube.com/watch?v=cmUnzzp1AqQ>

#### QUE NOS QUERE DICIR?

- **Ten a súa dificultade o construíla:** vén sen manual de instrucións, hai que ir aprendendo aos poucos, preparándonos e esforzándonos.
- **Necesítase un bo SOAR** sobre o que se edifica a casa: o amor. Se falta o amor, derrúbase, porque ha de ser “comunidade de vida e de amor”.
- **As COLUMNAS** desa casa son: \*fidelidade: que significa renovación continuada do si. \*xenerosidade: é o agasallo de cada día de darse, os xestos sinxelos. \*paciencia sen límites. \*respecto: sen anular o outro nin dominar. \*perdón: pasar páxina. O Eclesiástico fala do respecto. Colosenses, do perdón, a bondade, ser agradecidos...
- **A CALEFACCIÓN** ou aire acondicionado desa casa: \*a alegría, o bo humor.
- **O TEITO** desa casa que nos cobre, ábrenos ao mundo exterior: \*a FE que nos ampara (confianza no Pai, orar xuntos, educar na fe). A familia, a primeira educadora da fe. Xosé e María van ao templo con Xesús. “Eu debo ocuparme das cousas do meu Pai”. A Familia, o mellor agasallo de Deus, reflexión:

<https://www.youtube.com/watch?v=6MLh4pU3ncQ>

*Que podemos mellorar na nosa familia? Como andades de dozura?*

#### 3. ACTUAR: Constrúe a túa familia

- Celebramos xuntos o día da familia o domingo. Facemos algún cartel ou gravamos un vídeo con fotos da nosa familia. Vemos como orar nalgún momento do día en familia e dicimos como coidala. Non esquecemos na familia a fe, orar xuntos, ir ao templo, as cousas do Pai. Rezamos xuntos a oración “bendíe a nosa familia”.

Latexos, canción película A familia: <https://www.youtube.com/watch?v=V5JZBYXICU>

*Que ides facer?*